

FICHA RESUMO 2º BAC LATÍN

MATERIAL	APUNTES ELABORADOS POLO DEPARTAMENTO. DICCIONARIO LATÍN DE VOX.	
TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	1º TRIMESTRE	a) Repaso morfoloxía nominal e verbal con tradución de frases e textos de Eutropio. b) Toponimia, locucións e léxico I c) Épica, lírica e historiografía.
	2º TRIMESTRE	a) Textos de Eutropio e explicación da sintaxe. b) Toponima, locucións e léxico II c) Oratoria e teatro.
	3º TRIMESTRE	a) Textos de Eutropio. b) Repaso bloque toponimia, locucións e léxico. c) Repaso literatura.
MÉTODO DE CUALIFICACIÓN	Faranse probas escritas tanto de literatura como de tradución con análise morfosintáctico e do contido de vocabulario. Ademais das probas escritas, o alumnado será avaliado mediante a observación continua do seu traballo e participación diaria na aula.	
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	Unha vez rematado o repaso inicial da morfoloxía nominal e verbal, realizaranse dúas probas (unha de morfoloxía nominal e outra de morfoloxía verbal), e superar ambas as dúas probas será requisito sine qua non para aprobar. Por suposto, o eixo sobre o que se articula a avaliación da materia son os exames de tradución con dicionario. Polo demais, procurarase axustar o modelo de exame ás probas da	

ABAU, consistindo o exame nas seguintes preguntas:

- a. Un texto para traducir coa axuda do dicionario .
- b. Locucións latinas.
- c. Topónimos.
- d. Gramática.
- e. Unha pregunta relativa aos temas de literatrua, que será de resposta obrigada.

Ao longo do curso haberá tamén exames específicos de gramática nominal e verbal, así como dos temas de cultura, que o alumno deberá aprobar para acadar unha cualificación final positiva. Para facer a nota media, a puntuación obtida nas probas escritas non poderá ser inferior a 3 puntos (sobre 10). Nas probas escritas as faltas de ortografía e a expresión deficiente poden restar puntuación (ate 2 puntos, se son moi graves).

A non asistencia a un exame, caso de non ser xustificada documentalmente, suporá a cualificación de 0 puntos no mesmo. A utilización durante os exames de calquera material non autorizado expresamente pol@ profesor@ conlevará una cualificación de 0.

Así mesmo, e para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso, a **nota final** na materia resultara da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%. Porén, en ningún caso haberá unha avaliación final positiva de ter a terceira avaliación suspensa. A nota final calcularase coa puntuación numérica exacta resultante e non coa puntuación despois do redondeo.

A nota final de cada **avaliación** será o resultado de: probas escritas

	<p>(80%); exercicios diarios, actividades da aula virtual etc (20%). Para facer un redondeo da nota, procederase do seguinte xeito: o decimal asimilase ó enteiro superior, se o seu valor é de 0.75 ou superior; e ó anterior nos restantes casos.</p>
<p>PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN</p>	<p>Os alumnos que suspendan unha avaliación ou unha proba concreta poderán recuperala mediante unha proba obxectiva, pero tendo en conta que as probas recuperadas nunca van computar máis de 5 puntos.</p> <p>Nos últimos días do curso, terá lugar unha proba final na que os alumnos terán a oportunidade de recuperar as avaliacións que non superaron ao longo do mesmo, tanto dos contidos gramaticais como dos de léxico e literatura.</p>

